

CONCERTO DE “ENSAMBLE IULIUS XIII” EN CULLEREDO.IV FESTIVAL DE MÚSICA “VIA ESTELLAE” NO CAMIÑO INGLÉS.

O vindeiro mércores día 8 de xullo na Aula da natureza do Xardín Botánico “Ría do Burgo” terá lugar un concertó de música a cargo do grupo “ENSAMBLE IULIUS XIII” que interpretará o programa “Astor Piazzolla e o tango intelectual “. este concertó está integrado dentro da programación de actividades no Camiño Inglés de “VÍA STELLAE” IV FESTIVAL DE MÚSICA de Compostela e os seus camiños patrocinado polo Xacobeo.

Ensamble Iulius XIII xurde da fusión doutros grupos precedentes, este ensamble convértese no ano 2006 na formación residente de música de cámara de Iulius XIII. Ao ser un “ensamble” (agrupación de cámara aberta, con variacións posibles na cantidade dos seus membros) conta coa vantaxe de poder adaptarse doadamente a distintos programas de concerto. A estrutura básica do grupo confórmana Jorge Montes Martínez (violín), Alfredo Gómez Sieiro (clarinete) e Liudmila Shevyakova (piano), contando ademais con Pablo Carballido (canto-tenor), Margarita Vázquez (canto-mezzosoprano) y Carlos García Amigo (violonchelo) como colaboradores directos.

Participa nos principios festivos e circuitos culturais de Galicia: Espazos Sonoros, Via Stellae, Rede Cultural da Deputación de A Coruña, etc.

O obxectivo principal do Ensamble Iulius XIII é converterse a curto prazo nunha agrupación de música de cámara “estable”, dedicada de cheo a súa actividade, que poida seguir ofrecendo o nivel de excelencia alcanzado ata o momento. Para iso conta co apoio incondicional de Iulius XIII, entidade que o representa e que busca a súa pronta proxección día a día.

O seu repertorio baséase nun amplo abano de estilos, interpretando tanto obras de Bela Bartok como de Astor Piazzolla, e sempre busca chegar á máis profunda comprensión da linguaxe de cada autor.

Neste concertó “ENSAMBLE IULIUS XIII”interpretará un programa sobre “Ástor Piazzolla e o tango intelectual”. A obra de Ástor Piazzolla está sentenciada ao éxito.

Pasarón máis de quince anos dende a morte deste grande mestre, pero a súa música segue a gañar terreo na sociedade. Ninguén pode quedar indeferente ante as súas creacións. O público dos cinco continentes vai rendéndose ante a súa grandeza artística. Ademais, continúa influenciando aos mellores músicos de todas as xeracións no mundo entreo, xa sexan do ámbito “clásico” coma no “popular”.

O programa que interpretará o “ENSAMBLE IULIUS XIII” (violín, clarinete e piano) sobre ástor Piazzolla está composto polas seguintes obras:

As Catro Estacións Porteñas:

- outono Porteño
- inverno Porteño
- Primavera porteña
- verán Porteño

Adeus Nonino

Oblivion

Escualo

Morte do Anxo.

Culleredo 30 de xuño de 2009

O concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez